

SAÍDA A PONTEVEDRA



O martes, 28 de novembro, os alumnos de 5º fomos a Pontevedra para visitar dous museos: O sexto edificio do Museo e o CITA (Centro de investigación das torres arcebispais).

Acompañáronnos as mestras Celia e Emma.

No primeiro, seguimos as pegadas dos nosos antepasados. Andrea, a nosa guía, falounos da Prehistoria: do Paleolítico e Neolítico. Explicounos como eran os enterramentos e vimos fotos das mámoas (tumbas onde enterraban a moitas persoas). Tamén puidemos ver ferramentas de caza, como as bifaces que utilizaban para despelexar os animais mortos.

Gustounos moito o Tesouro de Caldas de Reis que o atopou un veciño da zona.

Por último ensinounos os petroglifos e os cadáveres de dous castrexos.

No museo de CITA ensináronnos unha maqueta de como era Pontevedra na antiguidade. Faláronnos da historia da cidade, das guerras que sufriu e das crises.

Vimos os restos da antiga muralla que protexía unha fortaleza e as pedras que lanzaban coas catapultas. Eran enormes! Tamén había restos de vaixelas (algunas eran reproducións).

Ao saír, xogamos no barco dun parque mentres esperabamos o autobús.

Foi un día xenial!

